



CONCELLOS

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 26/06/2026, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplemento de crédito (MC 13/2026 SC 01/2026) por importe de **14.650,00 euros**, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 30 de xuño de 2026.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1759

LUGO

Anuncio

DECRETO

Excma. Sra. DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte de maio de dous mil vinte e seis, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 3/198 PERSOAL EVENTUAL CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de dona María Elena Candia López, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, de data 29 de xuño de 2026, de nomeamento de dona Marta María Vázquez Sánchez con DNI: ***8765**, como persoal eventual, para ocupar un posto de Asistente Secretaria da Alcaldía.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 30 de xuño de 2026.

Visto o informe de Intervención Nº: 2026/982 do 30 de xuño de 2026.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear como persoal eventual, para ocupar un posto Asistente Secretaria da Alcaldía, a dona MARTA MARÍA VÁZQUEZ SÁNCHEZ con DNI: ***8765**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

- serven de apoio organizativo a toda a actividade da Alcaldesa e do grupo de goberno, así como a xestión das relacións públicas;
- demais funcións de confianza e asesoramento especial que se lles asignen.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;

- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona María Elena Candia López.
- a retribución que percibirá será de 29.371,16 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Lugo, 1 de xullo de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Excma. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 1760

Anuncio

DECRETO

Excma. Sra. DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte de maio de dous mil vinte e seis, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 3/198 PERSOAL EVENTUAL CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de dona María Elena Candia López, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, de data 29 de xuño de 2026, de nomeamento de don José Manuel Blanco Vila con DNI: ***3801**, como persoal eventual, para ocupar un posto de Colaborador Asesor da Alcaldía.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 30 de xuño de 2026.

Visto o informe de Intervención Nº: 2026/982 do 30 de xuño de 2026.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Nomear como persoal eventual, para ocupar un posto Colaborador Asesor da Alcaldía, a don JOSÉ MANUEL BLANCO VILA con DNI: ***3801**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

as de asesoramento político ao grupo municipal e demais que se lles asignen relacionadas coas funcións estritamente de confianza e asesoramento especial deste persoal.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona María Elena Candia López.
- a retribución que percibirá será de 37.743,72 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución ó interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Lugo, 1 de xullo de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Excm. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 1761

Anuncio

DECRETO

A Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

Instruído expediente relativo a: proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de Técnico/a Medio/a de Xestión en quenda de acceso libre, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en relación exclusivamente coas 2 prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2022.

Visto a proposta do Director Xeral de recursos humanos, de data 16 de xuño de 2026, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

I. Acordo número 11/590 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2022, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2022.

II. Acordo número 4/936 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2023.

III. Decreto número 2908/2024 do día 1 de abril de 2024 ditado polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde delegado da Área de xestión integral de recursos internos do Concello de Lugo mediante o cal se convocou o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de técnico/a medio de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (2 pertencentes á OEP 2022 e 1 pertencente á OEP 2023), publicado no BOP de Lugo número 97 de 26 de abril de 2024.

IV. Decreto número 6398/2025 do 25 de xuño de 2025 polo que se resolve aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo correspondente a 3 prazas de Técnico/a medio de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2022 e OEP 2023), convocado polo Decreto Nº: 2908/2024.

V. Decreto número 10206/2025 de 31 de outubro de 2025 polo que se resolve a aprobación lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2908/2024.

VI. Acordo número 1/502 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. A cuestión relativa a si o prazo de tres anos sinalado no inciso final do artigo 70.1 TRLEBEP debe entenderse cumprido cando dentro dos tres anos dende a aprobación da oferta de emprego público (en diante OEP) se desenvolva íntegramente todo o proceso selectivo que comporta a OEP ou, polo contrario, tal obriga se debe entender cumprida coa publicación da convocatoria do proceso selectivo ou outro acto que supoña o desenvolvemento parcial da mesma foi resolto definitivamente mediante a sentenza número 930/2025 de 9 de xullo, da Sala do contencioso – administrativo do Tribunal Supremo que estima un recurso de casación e que entendemos, ven a poñer fin a este debate, establecendo que “(…) a efectos del artículo 93.1 de la LJCA, declaramos - como regla general- que el plazo de tres años del artículo 70.1 del EBEP, se cumple cuando el proceso selectivo convocado para ejecutar la OEP se desarrolle íntegramente dentro de ese plazo.”

Como consecuencia desta xurisprudencia, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptou o Acordo número 1/502 en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do TRLEBEP.

SEGUNDA. O proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de técnico/a medio de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, publicado no BOP de Lugo número 97 de 26 de abril de 2024, resulta inevitablemente afectado polas anteriores resolucións xudiciais e administrativas, xa que estaba a executar dúas prazas correspondentes á OEP 2022.

Dado que a oferta de emprego público do ano 2022 no foi executada no prazo de tres anos, a declaración de caducidade acordada pola Xunta de Goberno Local exténdese a todos aqueles actos administrativos que traen

causa nesas ofertas de emprego polo que procede deixar sen efecto o proceso selectivo en relación exclusivamente coas prazas correspondentes a esta oferta de emprego.

TERCEIRA. *Porén, as prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023 non están afectadas pola declaración de caducidade acordada polo órgano municipal competente polo que resulta necesario e procedente conservar todos os actos administrativos ditados no procedemento iniciado e continuar o mesmo en relación á praza correspondente a esta última oferta de emprego.*

Por todo o exposto e en base ás atribucións conferidas á Alcaldía no artigo 124 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónselle á Excm. Sra. Alcaldesa a adopción da seguinte resolución:

PRIMEIRO. *Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de técnico/a medio de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, en relación exclusivamente coas 2 prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2022.*

SEGUNDO. *Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto número 2908/2024 do día 1 de abril de 2024 e continuar co mesmo en relación coa praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2023.*

TERCEIRO. *Publicar o acordo no Taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar que se trata dun acto de trámite cualificado e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:*

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

En base as atribucións que confire o art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e visto o disposto no decreto núm. 4003/2026, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de técnico/a medio de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, en relación exclusivamente coas 2 prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2022.

SEGUNDO. Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto número 2908/2024 do día 1 de abril de 2024 e continuar co mesmo en relación coa praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2023.

TERCEIRO. Publicar o acordo no Taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar que se trata dun acto de trámite cualificado e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Asinado dixitalmente ,

Lugo, 19 de xuño de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excm. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 1762

Anuncio

DECRETO

A Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

Instruído expediente relativo a: proceso selectivo para o acceso en propiedade a 4 prazas de Celador/a Ceip en quenda de acceso libre, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en relación exclusivamente coa praza correspondentes á oferta de emprego público do ano 2022 reservada a persoas con discapacidade.

Visto a proposta do Director Xeral de recursos humanos, de data 16 de xuño de 2026, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

I. Acordo número 11/590 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2022, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2022.

II. Acordo número 4/936 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2023.

III. Decreto número 2904/2024 do día 1 de abril de 2024 ditado polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde delegado da Área de xestión integral de recursos internos do Concello de Lugo mediante o cal se convocou o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 4 prazas de celador/a de CEIP pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, 1 en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2022) e 3 en quenda de acceso libre (OEP 2023), publicado no BOP de Lugo número 97 de 26 de abril de 2024.

IV. Decreto número 5451/2025 do 3 de xuño de 2025 polo que se resolve aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo correspondente a 3 prazas de Celador de CEIP pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2023), convocado polo Decreto Nº: 2904/2024.

V. Decreto número 10077/2025 de 29 de outubro de 2025 polo que se resolve a aprobación lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2904/2024.

VI. Acordo número 1/502 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. A cuestión relativa a si o prazo de tres anos sinalado no inciso final do artigo 70.1 TRLEBEP debe entenderse cumprido cando dentro dos tres anos dende a aprobación da oferta de emprego público (en diante OEP) se desenvolva íntegramente todo o proceso selectivo que comporta a OEP ou, polo contrario, tal obriga se debe entender cumprida coa publicación da convocatoria do proceso selectivo ou outro acto que supoña o desenvolvemento parcial da mesma foi resolto definitivamente mediante a sentenza número 930/2025 de 9 de xullo, da Sala do contencioso – administrativo do Tribunal Supremo que estima un recurso de casación e que entendemos, ven a poñer fin a este debate, establecendo que “(…) a efectos del artículo 93.1 de la LJCA, declaramos - como regla general- que el plazo de tres años del artículo 70.1 del EBEP, se cumple cuando el proceso selectivo convocado para ejecutar la OEP se desarrolle íntegramente dentro de ese plazo.”

Como consecuencia desta xurisprudencia, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptou o Acordo número 1/502 en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do TRLEBEP.

SEGUNDA. O proceso selectivo para o acceso en propiedade a 4 prazas de celador de CEIP pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, publicado no BOP de Lugo número 97 de 26 de abril de 2024, resulta inevitablemente afectado polas anteriores resolucións xudiciais e administrativas, xa que estaba a executar unha praza correspondentes á OEP 2022.

Dado que a oferta de emprego público do ano 2022 no foi executada no prazo de tres anos, a declaración de caducidade acordada pola Xunta de Goberno Local exténdese a todos aqueles actos administrativos que traen causa nesas ofertas de emprego polo que procede deixar sen efecto o proceso selectivo en relación exclusivamente coa praza correspondentes a esta oferta de emprego.

TERCEIRA. Porén, as prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023 non están afectadas pola declaración de caducidade acordada polo órgano municipal competente polo que resulta necesario e procedente conservar todos os actos administrativos ditados no procedemento iniciado e continuar o mesmo en relación ás prazas correspondentes a esta última oferta de emprego.

Por todo o exposto e en base ás atribucións conferidas á Alcaldía no artigo 124 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónselle á Excm. Sra. Alcaldesa a adopción da seguinte resolución:

PRIMEIRO. Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 4 prazas de celador de CEIP pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, en relación exclusivamente coa prazas correspondente á oferta de emprego público do ano 2022 reservada a persoas con discapacidade.

SEGUNDO. Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto número 2904/2024 do día 1 de abril de 2024 e continuar co mesmo en relación coas prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023.

TERCEIRO. Publicar o acordo no Taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar que se trata dun acto de trámite cualificado e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

En base as atribucións que confire o art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e visto o disposto no decreto núm. 4003/2026, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 4 prazas de celador de CEIP pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, en relación exclusivamente coa prazas correspondente á oferta de emprego público do ano 2022 reservada a persoas con discapacidade.

SEGUNDO. Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto número 2904/2024 do día 1 de abril de 2024 e continuar co mesmo en relación coas prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023.

TERCEIRO. Publicar o acordo no Taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar que se trata dun acto de trámite cualificado e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 19 de xuño de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excm. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 1763

Anuncio

DECRETO

A Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

Instruído expediente relativo a: proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de Técnico/a Educación Infantil en quenda de acceso libre, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en relación exclusivamente coa praza correspondentes á oferta de emprego público do ano 2021.

Visto a proposta do Director Xeral de recursos humanos, de data 16 de xuño de 2026, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

I. Acordo número 10/759 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 1 de decembro de 2021, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2021.

II. Acordo número 4/936 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2023.

III. Decreto número 2478/2024 do día 19 de marzo de 2024 ditado polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde delegado da Área de xestión integral de recursos internos do Concello de Lugo mediante o cal se convocou o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de técnico/a de educación infantil pertencentes ao cadro de persoal funcionario (grupo B) do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (1 pertencente á OEP 2021 e 1 pertencente á OEP 2023), publicado no BOP de Lugo número 86 de 13 de abril de 2024.

IV. Decreto número 3308/2025 do 3 de abril de 2025 polo que se resolve aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo correspondente a 2 prazas de Técnico/a de educación infantil pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2021 e OEP 2023), convocado polo Decreto Nº: 2478/2024.

V. Decreto número 10666/2025 de 17 de novembro de 2025 polo que se resolve a aprobación lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2478/2024.

VI. Acordo número 1/502 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. A cuestión relativa a si o prazo de tres anos sinalado no inciso final do artigo 70.1 TRLEBEP debe entenderse cumprido cando dentro dos tres anos dende a aprobación da oferta de emprego público (en diante OEP) se desenvolva íntegramente todo o proceso selectivo que comporta a OEP ou, polo contrario, tal obriga se debe entender cumprida coa publicación da convocatoria do proceso selectivo ou outro acto que supoña o desenvolvemento parcial da mesma foi resolto definitivamente mediante a sentenza número 930/2025 de 9 de xullo, da Sala do contencioso – administrativo do Tribunal Supremo que estima un recurso de casación e que entendemos, ven a poñer fin a este debate, establecendo que “(...) a efectos del artículo 93.1 de la LJCA, declaramos - como regla general- que el plazo de tres años del artículo 70.1 del EBEP, se cumple cuando el proceso selectivo convocado para ejecutar la OEP se desarrolle íntegramente dentro de ese plazo.”

Como consecuencia desta xurisprudencia, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptou o Acordo número 1/502 en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do TRLEBEP.

SEGUNDA. O proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de técnico/a de educación infantil pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, publicado no BOP de Lugo número 86 de 13 de abril de 2024, resulta inevitablemente afectado polas anteriores resolucións xudiciais e administrativas, xa que estaba a executar unha praza correspondente á OEP 2021.

Dado que a oferta de emprego público do ano 2021 no foi executada no prazo de tres anos, a declaración de caducidade acordada pola Xunta de Goberno Local exténdese a todos aqueles actos administrativos que traen causa nesas ofertas de emprego polo que procede deixar sen efecto o proceso selectivo en relación exclusivamente coas prazas correspondentes a esta oferta de emprego.

TERCEIRA. Porén, as prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023 non están afectadas pola declaración de caducidade acordada polo órgano municipal competente polo que resulta necesario e procedente conservar todos os actos administrativos ditados no procedemento iniciado e continuar o mesmo en relación á praza correspondente a esta última oferta de emprego.

Por todo o exposto e en base ás atribucións conferidas á Alcaldía no artigo 124 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónselle á Excm. Sra. Alcaldesa a adopción da seguinte resolución:

PRIMEIRO. Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de técnico/a de educación infantil pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, en relación exclusivamente coa praza correspondentes á oferta de emprego público do ano 2021.

SEGUNDO. Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto número 2478/2024 do día 19 de marzo de 2024 e continuar co mesmo en relación coa praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2023.

TERCEIRO. *Publicar o acordo no Taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar que se trata dun acto de trámite cualificado e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:*

- *Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.*

- *Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.*

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

En base ás atribucións que confire o art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e visto o disposto no decreto núm. 4003/2026, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de técnico/a de educación infantil pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, en relación exclusivamente coa praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2021.

SEGUNDO. Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto número 2478/2024 do día 19 de marzo de 2024 e continuar co mesmo en relación coa praza correspondente á oferta de emprego público do ano 2023.

TERCEIRO. *Publicar o acordo no Taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar que se trata dun acto de trámite cualificado e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:*

- *Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.*

- *Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.*

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Asinado dixitalmente,

Lugo, 19 de xuño de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excm. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 1764

MONTERROSO

Anuncio

Por acordo de Pleno de data 30/06/2026, establecéronse as retribucións dos membros da corporación o que se publica aos efectos do artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

“Memoria-proposta de Alcaldía

Procedemento: Recoñecemento de Dedicación Exclusiva ou Parcial a Membros da Corporación

Asunto: Dedicación parcial do sr. Alcalde e dedicación exclusiva da 2ª Tenente de Alcalde

Documento asinado por: Alcaldía

MEMORIA-PROPOSTA DE ALCALDÍA

Existe Informe Xurídico sobre a normativa aplicable e o procedemento a seguir para o recoñecemento de dedicacións exclusiva e parcial a membros da Corporación, que se emitiu con data 26.11.2025.

Existe informe de fiscalización previa limitada de data 26.11.2025.

Esta Alcaldía, desde o punto de vista da organización interna, considera que os cargos de alcalde e 2ª Tenente de Alcalde necesitan dunha dedicación parcial e total coas retribucións que iso leve.

Por todo iso,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN a adopción dos seguintes acordos: PRIMEIRO. Determinar que os cargos de alcalde e 2ª Tenente de Alcalde realicen as súas funcións en réxime de dedicación parcial e total polos seguintes motivos:

→ *Alcaldía ; dedicación parcial do 75 % da xornada, 28 horas semanais, coas funcións propias que lle atribúen as diversas leis e a máxima representación do Concello.*

→ *2ª Tenente de Alcalde; dedicación exclusiva do 100% da xornada, 37,5 horas semanais como concelleira con competencias nas materias de Educación, Cultura, Turismo, Xuventude e Servizos sociais.*

SEGUNDO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— *O cargo de 2ª Tenente de Alcalde , percibirá unha retribución anual bruta de 27.678,00 €.*

TERCEIRO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— *O cargo de Alcalde percibirá unha retribución anual bruta de 31.996,44 €.*

CUARTO. As retribucións establecida devengarase no presente exercicio, sendo actualizada anualmente nun importe igual ao que se estableza para os funcionarios municipais. Nos supostos de incapacidade temporal declarada polo Instituto Nacional da Seguridade Social, completarse o subsidio que se perciba ata o cen por cen da retribución íntegra mensual, tal e como se vén facendo co persoal funcionario de carreira e laboral do Concello.

QUINTO. Publíquese este acordo nos lugares e na forma prevista polo artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril.”

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou o acto notificado, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Monterroso, 1 de xullo de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1765

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión Plenaria desta Corporación, de data 30 de xuño de 2026, o orzamento xeral, bases de execución, e cadro de persoal para o exercicio económico 2026, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días que empezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde desta Corporación.

De conformidade co acordo adoptado o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se formulan reclamacións.

Monterroso, 1 de xullo de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1766

NEGUEIRA DE MUÑIZ*Anuncio*

Conta Xeral correspondente ao exercicio 2025

Formada e rendida a conta Xeral do presuposto deste Concello correspondente ao exercicio 2025 e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, en sesión do 1 de xullo de 2026, expónse ao público, cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta entidade por prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, durante dito prazo de exposición e nos 8 días seguintes, todo elo de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Negueira de Muñiz, 1 de xullo de 2026.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1767

*Anuncio***DECRETO DE ALCALDÍA**

Visto que é necesario proceder á aprobación do Padrón fiscal relativo ao imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais correspondente ao exercicio 2026, e co fin de proceder á correspondente recadación do IBI, despois de examinar a documentación achegada e, de acordo co establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Que se aprobe o Padrón do imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais, correspondente ao exercicio 2026, composto por 411 cargos e por un importe total de cotas municipais de 210.129,05 euros. O período voluntario de cobramento será o seguinte: do un de agosto ao trinta de setembro de dous mil vinte e seis.

SEGUNDO. Que se practique a notificación colectiva das liquidacións e o anuncio da cobranza en voluntaria dos tributos anteriores polos medios habituais e, sinaladamente, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Mándao e asíno o alcalde, D. José Manuel Braña Pereda, en Negueira de Muñiz, a un de xullo de dous mil vinte e seis, do que eu, como secretario dou fe.

Negueira de Muñiz, 1 de xullo de 2026.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda. O secretario, Óscar de la Parte Chana.

R. 1768

PANTÓN*Anuncio*

Na sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2026, o Pleno do Concello de Pantón acordou aprobar inicialmente a modificación das seguintes Ordenanzas Fiscais

- Ordenanza fiscal número 3 reguladora da taxa polo abastecemento de auga
- Ordenanza fiscal número 5 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais
- Ordenanza fiscal número 6 reguladora da taxa por recollida, tratamento e eliminación dos residuos sólidos do Concello de Pantón

En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas podan examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

O acordo de aprobación inicial e o texto das Ordenanzas estará a disposición dos interesados no taboleiro de edictos municipal, así como na sede electrónica do Concello de Pantón: <https://panton.sedelectronica.gal/preview-document/da6724c7-7581-45f9-947c-eaaf960cdfaf/>

De non formularse reclamacións no prazo anteriormente indicado entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón inicial, sen necesidade de novo acordo plenario.

Pantón, 29 de xuño de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1743

Anuncio

Na sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2026, o Pleno do Concello de Pantón acordou aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable do Concello de Pantón

En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas podan examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

O acordo de aprobación inicial e o texto do Regulamento estará a disposición dos interesados no taboleiro de edictos municipal, así como na sede electrónica do Concello de Pantón: <https://panton.sedelectronica.gal/preview-document/41f42b6d-2c7e-4fec-8613-14d4e0b00ffd/>

De non formularse reclamacións no prazo anteriormente indicado entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón inicial, sen necesidade de novo acordo plenario.

Pantón, 29 de xuño de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1744

PORTOMARÍN

Anuncio

De conformidade co decreto de 01 de xullo faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais no marco do "Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Portomarin para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural:

UN (1) PEÓN CONDUTOR E TRES (3) PEÓNS DE BRIGADA.

UN (1) XEFE/A DE BRIGADA.

TRES (3) CONDUTORES DE MOTOBOMBA

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica do Concello de Portomarin na seguinte dirección <http://portomarin.sedelectronica.gal> e na páxina web do Concello de Portomarin www.concellodeportomarin.es.

O prazo de presentación de solicitudes será de CINCO días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Portomarin, 1 de xullo de 2026.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 1769

SOBER

Anuncio

Logo de aprobar o expediente de aprobación de plan económico financeiro, en cumprimento do establecido no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, faise pública a aprobación do mesmo para o seu xeral coñecemento, o cal estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta Entidade Local <https://concellodesober.sedelectronica.gal/transparency/990e5808-1e36-416f-88f2-592ccfc4b96c/>

Sober, 29 de xuño de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1745

O VICEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de maio de 2026, aprobouse a oferta ordinaria de emprego público correspondente ó ano 2026.

En cumprimento do artigo 91 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 70.2 do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a oferta ordinaria de emprego público para o ano 2026.

Persoal laboral

NIVEL DE TITULACIÓN	DENOMINACIÓN DO POSTO	CATEGORÍA LABORAL	NÚMERO DE VACANTES	FORMA DE PROVISIÓN
E.- Agrupacións profesionais a que fai referencia a disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro	Auxiliar axuda a domicilio (85,33% da xornada laboral)	Auxiliar axuda a domicilio	1	Concurso - oposición
E.- Agrupacións profesionais a que fai referencia a disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro	Limpadora Casa do Concello e outros	Limpadora	1	Concurso - oposición
E.- Agrupacións profesionais a que fai referencia a disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro	Auxiliar axuda a domicilio	Auxiliar axuda a domicilio	1	Concurso - oposición

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interperse alternativamente o recurso de reposición potestativo perante o Sr. Alcalde, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da última publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ou no Diario Oficial de Galicia, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, ou á súa elección, o que corresponda ó seu domicilio, se este radica en lugar distinto, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ó da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interperse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

O Vicedo, 29 de xuño de 2026.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1746

VILALBA

*Anuncio***BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR DE EDUCACIÓN INFANTIL (3-6 ANOS) CURSO 2026/2027,**

Expte 2419/2026.

Dentro do labor de promover programas e proxectos destinados á atención das familias que ten atribuído o Concello de Vilalba, convócanse as presentes axudas para a adquisición de material escolar de Educación Infantil (3 - 6 anos) para o curso 2026-2027.

1. DISPOSICIÓN XERAIS

Os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime local (LRBRL) e o artigo 80.1 de la Lei 5/1997, del 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) prevé que os concellos, para a xestión dos seus propios intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos

públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Con data 3 de xuño de 2023 publícase no BOP nº 126 de Lugo a Ordenanza reguladora de subvencións e axudas do Concello de Vilalba que ten por obxecto a regulación do réxime xeral e das bases reguladoras das subvencións que se outorguen polo Concello de Vilalba.

Esta normativa ten por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais do Concello de Vilalba, para a prestación de servizos o que complementen os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares das familias deste municipio.

A franxa educativa á que se refire o obxecto desta subvención, non está contemplada en outras liñas de subvención ou axudas educativas de outros organismos públicos.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvención son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

Por todo isto, promovese a concesión de bolsas complementarias ao estudo para curso 2026/2027 no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, del 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a demais normativa de aplicación.

2. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado escolarizado para o curso 2026/2027 en educación infantil (3-6 anos) nos centros docentes públicos existentes no concello.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS

Terán a condición de beneficiarias as familias que cumpran os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes:

1. Ser nai, pai ou titor/a, ou persoa encargada da garda e custodia de menores que no ano escolar da convocatoria correspondente vaian a cursar estudos de educación infantil nun centro docente do Concello de Vilalba.
2. Estar ao corrente nas obrigas tributarias.
3. Cumprir co baremo económico recollido no punto 4 das bases.

Entenderase por unidade familiar a formada por nai, pai e fillos e fillas menores de 25 anos que convivan no mesmo domicilio. No caso de cambio das circunstancias conxugais, considerarase como membro computable da unidade familiar, a persoa que por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no enderezo familiar coa persoa proxenitora do alumno/a e que teña asignada a súa custodia.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, **os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro semestre do ano 2026.**

En todo caso, terase en conta a situación persoal e composición familiar no momento da presentación da solicitude.

4. CONTÍA E LIMITE DAS AXUDAS

4.1 Limite das axudas

Para a concesión da axuda terase en conta, o número de membros e a renda per cápita da familia, partindo do indicador público de Renda de Efectos Múltiples:

- tendo en conta o 100% do IPREM anual: 7.200€
- tomando como referencia o 125% do IPREM anual: 9.000€ .

Terán a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral mais a base imponible de aforro do imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) **referidas ao ano 2024**:

- Si algún dos membros da unidade familiar presenta unha discapacidade superior ou igual ao 33% computarán como 2 membros da unidade familiar, aos efectos do cálculo da renda per cápita.
- Si a solicitante é vítima de violencia de xénero, acreditada polos medios legalmente establecidos, computarán como 2 membros da unidade familiar, aos efectos do cálculo da renda per cápita.
- Familias monoparentais computarán como un membro mais da unidade familiar.

4.2 Contía

As axudas que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que soamente poderá concederse unha axuda no mesmo ano para o mesmo concepto.

As axudas se dividirán en dous tramos tendo en conta a Renda per cápita, partindo do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM):

- Renda per cápita anual inferior ou igual ao 100% do IPREM **será a contía do orzamento presentado ata un máximo de 100€**
- Renda per cápita anual entre o 100% e o 125% **será a contía do orzamento presentado ata un máximo de 75€**

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de **12.000€** euros con cargo ao epígrafe orzamentario de Axudas á Escolarización 2310-48903 do Orzamento Xeral Municipal 2026.

No caso de que o número de solicitudes supere o crédito máximo orzamentario ordenaranse en función do IPREM de menor a maior IPREM e outorgaranse por orde e tendo en conta o importe solicitado ata esgotar o crédito.

6. SOLICITUDES

A documentación que deberán presentar para a solicitude será a seguinte:

- Modelo normalizado de solicitude de subvención (**Anexo I**).
- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do pai/ nai ou representante legal do menor.
- Fotocopia do Libro de familia.
- Declaración responsable de non ter débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), Seguridade Social, Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), e Concello de Vilalba, esta última, se incorporará de oficio (**Anexo II**).
- Fotocopia da Declaración da Renda do ano **2024** ou certificado negativo de tódolos membros da unidade familiar.
- Autorización para consultar de datos na AEAT. **Anexo III**.
- Certificado titularidade conta bancaria
- Presuposto que acrediten o gasto que se prevé realizar, e/ou xustificante asinado e selado do centro escolar onde estea matriculado o/a menor.

No caso de separación legal ou divorcio presentarase a copia da sentenza ou medidas paterno filiais respecto a/o menor, xunto co convenio regulador ou, no seu defecto, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A publicación das presentes bases e convocatoria, así como a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios, páxina web do Concello de Vilalba e anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes, xunto coa documentación solicitada, presentarase no Rexistro Xeral do Concello, Praza da Constitución, n.º 1 Vilalba (Lugo), ou por calquera das formas previstas no artigo 16,4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles dende o día seguinte a data de publicación no BOP**.

As bases estarán a disposición das persoas interesadas nas dependencias dos Servizos Sociais Comunitarios e na páxina web do Concello (www.vilalba.org) a partir desa data.

Dacordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, si as solicitudes presentadas non reuniran os requisitos sinalados, requirirase ás persoas

interesadas para que no prazo máximo e improrrogable de dez días emenden a falta ou acompañen os documentos preceptivos. No caso de non facelo terase por desistido da súa petición e arquivarase o expediente.

8. RESOLUCIÓN

A Técnica responsable da tramitación procederá á proposta de concesión de subvencións, segundo os criterios previstos nas presentes bases.

A proposta de concesión de subvencións deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, con especificación da contía proposta para cada un deles. Posteriormente, dita proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a fiscalización desta.

A partir da proposta de concesión, informada pola Intervención Municipal, a Alcaldía resolverá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de solicitantes ós que teñen dereito a subvencións e a desestimación das restantes solicitudes e procederá ao seu pagamento con carácter anticipado en virtude do recollido no artigo 42.2.b) do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións.

O prazo máximo de resolución será o establecido no artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións. O vencemento do prazo máximo sen notificación da resolución pode entenderse como desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de acordo co artigo 25.5 do mesmo texto normativo.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, resolución recaída (concedida/denegada), **publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello**, ; e na Sede electrónica.

9. DEBERES DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Os xerais recollidos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e as seguintes:

- a) Cumprir tódalas estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude.

10. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Deberá presentarse conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao modelo que se acompaña (**Anexo IV**) acompañado da seguinte documentación:

- Factura orixinais dos gastos realizados en libros ou material didáctico complementario directamente relacionado co inicio do curso escolar, e **mercados en establecementos do Concello de Vilalba**, así como xustificante de pagamento da mesma ou xustificante do centro escolar no que se acredite que o beneficiario efectuou o pagamento da achega esixida polo centro para a adquisición de material.
- Declaración responsable de que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a axuda.

O prazo para presentar a conta xustificativa remata o día **10 de outubro do presente ano**.

11. CONTROL, APLICACIÓN, REVISIÓN E REINTEGRO DE SUBVENCIÓN

A Técnica responsable da tramitación poderá requirirle á persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarias para completar o expediente, e tamén poderá dispoñer a comprobación oportuna dos datos consignados polos peticionarios.

Tendo en conta que as axudas desta convocatoria responden a unha determinada situación do perceptor, comprobada previamente, a concesión entenderase xustificada mediante a presentación da conta xustificativa.

O interesado procederá ao reintegro das cantidades percibidas, así como aos intereses de demora, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando datos.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamenta a concesión da axuda, é dicir, ao emprego do importe recibido para finalidades distintas a adquisición de material escolar.
- c) Incumprimento dos deberes impostos pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das axudas, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.

12. RECURSOS

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer Recurso Potestativo de Reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a notificación da resolución ou ben directamente o Recurso Contencioso - Administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable	Concello de Vilalba
Finalidade	Tramitación de expedientes administrativos.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos.
Destinatarios	Non se ceden datos a terceiros, salvo imperativo legal.
Dereitos	De conformidade cos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento europeo e do consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, así como os artigos do 12 ao 18da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os afectados contan cunha serie de dereitos no tratamento dos seus datos persoais, a saber: dereito de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, potabilidade e oposición.
Información adicional	Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón: https://www.aepd.com/

Vilalba, 29 de xuño de 2026.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1747

XERMADE*Anuncio***Aprobación da listaxe de admitidos/as no proceso de selección de persoal funcionario para a cobertura da praza de auxiliar administrativo/a do Concello de Xermade. Expte. 88/2026**

Por Decreto da Alcaldía núm. 2026-0248 de 25/06/2026, dispúxose o seguinte:

“(…) Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección de persoal funcionario para a cobertura da praza de auxiliar administrativo/a:

Persoas admitidas:

Nº ORDE	Interesado (DNI)	Interesado (Nome)
1	***9891**	ALONSO DOMINGUEZ, MIRIAM
2	***8499**	ALVITE PERNAS, LETICIA
3	***4385**	AMENEIRO GESTO, JOEL
4	***7732**	ARES LOPEZ, BERTA
5	***5865**	ARIAS MAGIDE, LUCIA
6	***8483**	BERMUDEZ TESTA, LORENA
7	***8362**	BLANCO CANOURA, SARAY
8	***1059**	BLANCO VIVERO, GABRIEL
9	***3344**	CAAVEIRO PENA, JENNIFER
10	***5927**	CABARCOS CAMBA, LAURA
11	***5143**	CALVO MORADO, CRISTINA
12	***7808**	CALVO TORQUEMADA, EVA MARIA
13	***8178**	CAMPELLO CASTRO, PAULA
14	***4765**	CORTIZAS DIAZ, ANA MARIA
15	***8891**	DOPICO NOVO, ALBA

16	***6016**	ENCABO GONZALEZ, BELEN MARIA
17	***2537**	FELPETO RODRIGUEZ, BEATRIZ
18	***7817**	FERNANDEZ CARREIRA, INES
19	***9569**	FERNANDEZ CORRAL, MARTA
20	***9510**	FRA MARTINEZ, IGNACIO
21	***5154**	GARCIA GALDO, SONIA
22	***4547**	GREGORIO DOPICO, LAURA
23	***9512**	GREGORIO DOPICO, SILVIA
24	***7742**	GUIZAN TRASTOY, LUCIA
25	***8817**	IGLESIAS PADIN, MARIA NOELIA
26	***1446**	LONGUEIRA ORRO, ROSALIA
27	***3961**	LÓPEZ FERNÁNDEZ, SONIA
28	***8908**	MAGIDE PASARO, NEREA
29	***1752**	MEIZOSO MAZAS, SANDRA
30	***5629**	NOVO GEGUNDEZ, LAURA
31	***2097**	PAZ ALVAREZ, UXÍA
32	***5796**	PEREZ MURADO, MARTA
33	***1425**	PÉREZ PÉREZ, MATEO
34	***8253**	PERNAS VAL, ANA
35	***1362**	PICO MARIN, SARA MERCEDES
36	***6149**	PITA BARRO, DAVID
37	***1078**	PITA PITA, BELEN
38	***4668**	REGO VAZQUEZ, LUCIA
39	***4581**	ROCHA GARCIA, MARIA
40	***8281**	SILVA IGLESIA, MARIA
41	***3550**	VAZQUEZ IGLESIAS, MARIA ARANZAZU
42	***9040**	VILA SEREN, MARTINA
43	***7402**	VIVERO GARCIA, BELEN
44	***7249**	VIZOSO DURAN, HECTOR

Persoas excluídas:

Nº ORDE	Nº Rexistro	Data e hora	Interesado (NIF)	Interesado (Nome)	Causa da exclusión *
1	2026-E-RE-227	10/04/2026 11:58	***6700**	NURIA VECINO CORDERO	1, 2, 3
2	2026-E-RE-292	30/04/2026 16:38	***7934**	JAVIER FIGUEIREDO PEREZ	3
3	2026-E-RE-303	04/05/2026 19:28	***9785**	CAROLINA LILIANA VAZQUEZ	4

- (1). Non presenta o Anexo I ou non presenta o Anexo I cumprimentado, tal e como se recolle na cláusula
- (2). Non presenta DNI ou o presenta incompleto, tal e como recolle o punto 4a.
- (3). Non adxunta copia do pagamento da taxa, tal e como recolle o punto 4c.
- (4). Non acredita nacionalidade española, tal e como se recolle no punto 2a.

Segundo.- Nomear ao Tribunal cualificador, formado polos seguintes membros:

Presidente/a:

D^a. Marta Cajide Barbeito, secretaria-interventora do Concello de Allariz (titular)

D^a. M.^a Pilar Darriba Muñoz, secretaria-interventora do Concello de Monterroso (suplente)

Vogais:

1º vogal: Iria M^a. Pico Roca, administrativo do Concello de Xermade (titular)

D^a. Ana Oseira Portela, administrativo do Concello de Xermade (suplente)

2º vogal: D. Ernesto Ares Yáñez, técnico local de emprego do Concello de Xermade (titular)

D^a. Nuria Lagüela Felpeto, traballadora social do Concello de Xermade (suplente)

3º vogal: D^a. Laura M^a Pardo Vila, auxiliar de biblioteca do Concello de Xermade (titular)

D. Juan José González Vázquez, operario de servizos múltiples do Concello de Xermade (suplente)

Secretario/a: D^a. María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade (titular)

D^a. Sandra M^a García Chenlo, secretaria- interventora do Concello de Dodro (suplente)

Terceiro.- Citar aos membros do tribunal cualificador para a constitución do tribunal o día 8 de xullo de 2026 ás 09:30 horas na sala de sesións da Casa do Concello de Xermade.

Cuarto.- Convocar en único chamamento ós/ás aspirantes admitidos/as para que comparezan o día 17 de xullo de 2026 ás 09:00 horas, aos efectos de realización da primeira proba no pavillón municipal de Xermade, sito na avenida de As Pontes, municipio de Xermade, provistos de DNI e bolígrafo.

Quinto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da sede electrónica para os efectos oportunos.

As seguintes comunicacións relativas ao presente proceso selectivo serán efectuadas a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Xermade (<https://concelloxermade.sedelectronica.es/board>).

Xermade, 29 de xuño de 2026.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1748